

O VOLTER

Arturo Lezcano

Lamento moito non poder estar convosco hoxe, cando se trata de render homenaxe a un bar se non de tanta sona como o homónimo de Zurich, non proporcionalmente menor que o do dadá. A verdadeira historia do nome sobreimprimido ao do Tucho xa vola contará , ou xa vola contou antes, o Acisclo, un dos grandes artistas daquela bautizados “artistiñas” polo xenio de Vicente Risco.

É moi plausíbel a iniciativa do Centro PEN Galicia, a Fundación Vicente Risco e mais a Fundación Casares, mais lamento tamén que a tentativa de recuperar O Volter chegue demasiado tarde ou demasiado cedo, asegún.

Demasiado tarde porque, malia o esforzo duns poucos para salvar o local antes do derrube, a nugalla, se non a indiferencia, do Ourense oficial deixou que os muros se viñesen abaixo, un deles esnaquizando o mural testemuño do De Dios. Alguén copiou antes da desfeita parte do que penduraba daqueles, só interesantes en determinados casos, pois, a facer un dobre xogo, certos visitantes ocasionais de Ourense perdían o cú por que o seu nome aparecese a carón dos creadores risquianos. De maneira especial

reproduciuse no oportuno libro da Ttros o testamento de don Vicente durante o entroido –a el non lle gustaba dicir *antroido*–. Na publicación da Sofía, ourensá adoptiva, recóllense varias das estrofas, aínda que falta algunha. Por exemplo aquela que Risco tivo a xenerosidade de dedicar o Julio Gimeno –xornalista e escritor salientábel-, a quen por certo trouxemos recentemente á memoria do noso Ourense; nesa estrofa está presente tamén un servidor. Recuperóoa para que o texto sobreviva como saíu da pluma do testador: “(...) O Oscar a Arturo Lezcano/ y para Julio Gimeno/ el Premio Nadal en mano (...)”

Doutra banda o roteiro, a moda dos roteiros comeza a se parecer máis aos via crucis: de estación en estación dos locais ocupados por outros edificios suplantadores ou baleiros. Así o número 47 da rúa de Santo Domingo, fogar de Risco e da revista *Nós* que, en tantos sentidos, deberíase intitular *Eu*. O bar “El Cortijo”, no paseo, e o Parque, as dúas últimas tertulias -iso de faladoiro é un hiperenxebrismo– risquianas, porque “O Volter”, onde ía ás veces, non foi propiamente unha delas. Só se ergue auténtica, mais tamén baleira, a casa natal do autor de *O porco de pé* e asemade de don Ramón, de don Ramón Otero Pedrayo, naturalmente.

A homenaxe chega tamén un cachiño cedo, pois estamos vivos aínda o Virxilio, o Baltar, o Acisclo, o Buciños, o Augusto Valencia, Xosé Luís de Dios, Julito Losada e eu mesmo. Non son chegados aínda os tempos da mitificación.

Deixemos que o mito agrome só cando se perda toda a pegada de feitos históricos, segundo o definía Vicente Risco.